

I CONVOCATORIA DE CONTRATOS DE INVESTIGACIÓN CITACA 2019

A Agrupación Estratéxica CITACA constitúese como unidade de traballo estratéxica dentro da área de investigación do Campus da Auga. No seu Plan de Actividades inclúe no Eixo de Formación e Captación de Talento a Liña de Actuación 2, "Captación e Retención de Talento", na que se diseña un plan específico de incorporación de recursos humanos, que inclúe como obxectivo prioritario a publicación desta **I Convocatoria de Contratos de Investigación CITACA 2019**.

1. Obxecto

A convocatoria ten como obxecto a captación de persoal investigador e tecnólogo/as que contribúa ao desenvolvemento da axenda científica e á consecución dos obxectivos estratéxicos da Agrupación, a través da financiación de oito contratos laborais temporais.

As actuacións a desenvolver polo persoal contratado van dirixidas a alcanzar algún destes obxectivos:

- Apoiar as liñas científicas estratéxicas da Agrupación, tanto aquelas xa consolidadas e de alto impacto científico, como aquelas liñas novas innovadoras que permitan aumentar as capacidades da Agrupación e precisen dunha primeira fase exploratoria.
- Promover a multidiscipliniedade que permita abordar retos científicos e tecnolóxicos mais ambiciosos.
- Facilitar a colaboración interna dentro da Agrupación, e a externa con outros grupos e entidades que complementen as capacidades da Agrupación.
- Fomentar a transferencia de resultados ao sector socioeconómico.
- Impulsar a internacionalización.
- Contribuir á visibilidade da Agrupación, e á difusión do coñecemento científico.

2. Réxime xeral

Convócase un máximo de 8 contratos laborais temporais co obxectivo antes descrito. Estes contratos están financiadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia dentro do programa de "Axudas para a mellora, creación, recoñecemento e estruturación de agrupacións estratéxicas do Sistema Universitario de Galicia" na convocatoria 2018.

3. Características dos contratos

- Salario bruto mensual:
 - Tecnólogos/as, Graduados/as e Máster: 1.150 €/mes.
 - Persoal investigador Postdoc: 1.250 €/mes
- Duración do contrato: do 1 de xullo ao 31 de decembro de 2019.
- Xornada de traballo: A tempo completo.

4. Fases da Convocatoria

4.1. Proceso de Selección das liñas de actuación ás que se lle van atribuir os contratos

Fase I: Envío de propostas de liñas de actuación

Nesta primeira fase os investigadores/as pertencentes a grupos de investigación da Agrupación poderán enviar propostas de liñas de actuación ás que se van adscribir os contratos de traballo, que deberán incluír os seguintes apartados:

- 1) Título da liña de actuación.
- 2) Obxectivos a longo e a curto prazo (nos 6 meses de contrato) (**máximo: 300 palabras**).
- 3) Breve descrición do plan de Traballo a desenvolver no período de tempo do contrato (6 meses) (**máximo: 500 palabras**).
- 4) Xustificación do interese estratéxico da liña de actuaciónn proposta considerando algún ou varios dos seguintes aspectos: (**máximo: 300 palabras**)

- Interese científico en concordancia coas liñas científicas estratéxicas da Agrupación.
- Grao de innovación.
- Multidisciplinidade e colaboración (con grupos da Agrupación ou con outros grupos e entidades que complementen as capacidades da Agrupación).
- Posibilidade de transferencia ao sector productivo.
- Internacionalización.
- Contribución á visibilización da Agrupación e á difusión do coñecemento científico.
- Outros.

As propostas serán remitidas polos investigadores responsables da liña de actuación proposta en formato electrónico á dirección de correo: citaca_coord@uvigo.es.

Fase II: Selección das liñas de actuación

A Comisión de Investigación da Universidade de Vigo vai actuar como Comisión Externa para facer unha primeira valoración científica e estratéxica das propostas recibidas en función dos parámetros máis abaixo indicados, calificando cada un deles cunha puntuación de 1, 2, e 3, correspondendo 1 á puntuación máis baixa, 2 á intermedia, e 3 á máis alta.

- 1) Valoración científica:
 - 1.1. Interese científico da liña de actuación en concordancia coas liñas científicas estratéxicas da Agrupación (considerando o longo prazo).
 - 1.2. Grao de innovación da liña de actuación (considerando o longo prazo).
 - 1.3. Viabilidade de execución do plan de traballo proposto no tempo considerado para o contrato (6 meses).
- 2) Valoración estratéxica:
 - 2.1. Multidisciplinidade, considerada como:
 - a) Implicación de áreas/ámbitos diferentes.
 - b) Colaboración entre grupos da Agrupación, ou con outros grupos e entidades que complementen as capacidades da Agrupación.

2.2. Grao de internacionalización (xa existente ou prevista).

2.3. Posibilidades de transferencia de resultados ao sector socioeconómico.

O Comité Científico da Agrupación fará a selección final das 8 liñas de actuación entre as que obtiveran maior puntuación na valoración feita pola Comisión de Investigación da Universidade de Vigo. No caso de que houbera empate entre dúas ou máis propostas na oitava posición, vaise dar prioridade a aquela proposta que contribúa en maior medida a que:

1. Algún dos tres eixos temáticos de Agrupación estean ben representados no total das 8 liñas de actuación seleccionadas. Os eixos temáticos da Agrupación son:

- a) Auga e solo: Protección dos recursos hídricos.
- b) Producción primaria sostible.
- c) Seguridade e calidade alimentaria: Competitividade e sostibilidade.

2. Ao mellor cumprimento dos seguintes obxectivos estratéxicos de CITACA (páx. 60 da Memoria de Solicitud de da CITACA):

- a) Innovación, investigación e divulgación.
- b) Internacionalización.
- c) Transferencia.

4.2. Proceso de selección dos candidatos/as aos contratos asignados ás liñas de actuación

Fase I. Publicación da convocatoria de emprego

A convocatoria de emprego en réxime de concorrencia competitiva publicarase na páxina web da Agrupación, con indicación do obxecto dos contratos ofertados para cada liña de actuación, os requisitos dos solicitantes, a forma e o prazo de presentación de solicitudes, e o procedemento de selección.

Fase II. Selección dos candidatos/as

O Comité de Recursos Humanos da Agrupación será o encargado da avaliación das solicitudes presentadas segundo os criterios de avaliación específicos publicados na propia convocatoria. O Comité emitirá a proposta de resolución ordeando aos candidatos/as seleccionados para cada contrato de maior a menor puntuación, sendo o candidato/a seleccionado quen obtivese maior puntuación. A proposta de resolución publicarase na páxina web da Agrupación.